

## ABONO DA TAXA DE AVALIACIÓN

- Antes da sesión de avaliación os candidatos admitidos deberán abonar unha taxa de **10,37 euros por cada UC** na que solicitan a súa avaliación.
- Unha copia do resgardo de aboamento de dita taxa deberá entregarse ao avaliador/a ao comezo da primeira sesión de avaliación.
- O abono da taxa poderase realizar de dous xeitos diferentes:
  - a través do impreso de autoliquidación —A ou AI—, en calquera das entidades colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia
  - de forma telemática

### Nas entidades bancarias

- Retire o impreso de Autoliquidación de taxas nas dependencias da Xunta de Galicia que dispoñan de rexistro e cúbrao consignando os seus datos persoais, os códigos de tramitación que aparecen no epígrafe seguinte e o importe da taxa que ten que pagar. Tamén pode xerar o impreso Modelo AI de Autoliquidación de Taxas dende a Axencia Tributaria de Galicia.

### Por Internet

<http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

- Pinchar en: Modelo A1. Autoliquidación de taxas
- Pinchar en: Iniciar Taxa e seleccionar o candado aberto

Pódese elixir entre: Pagar a taxa electronicamente **ou** Descargar o modelo e pagar en unha entidade bancaria

- Para cubrir correctamente o impreso, cómpre consignar os seguintes datos:
  - Consellería de Economía, Emprego e Industria: código 08.
  - Delegación de Servizos Centrais: código 13.
  - Servizo de Secretaría Xeral: código 001.
  - Taxa: denominación: avaliación do/a candidato/ a para participar no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: código **304202**.

- Estarán **EXENTAS** do pagamento das taxas:
  - As persoas que figuren como desempregadas no momento de iniciarse as sesións de avaliación: deberán presentar unha certificación de situación laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social
  - As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% no momento de iniciar as sesións de avaliación: deberán acreditar a discapacidade mediante certificado ou resolución do órgano competente.